



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa Santiago, 2
15810 Arzúa
A Coruña
Telf: 981 50 00 00

Descrición Decreto: OFERTA DE CONTRATACIÓN FUNCIONARIO AULA CEMIT (BOLSA DE EMPREGO).

DON XOAN XESUS CARRIL RAMOS, ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE Arzúa (A CORUÑA)

Visto o decreto do alcalde nº 542/2021 de data 27/09/2021, publicado no taboleiro de anuncios da sede electrónica deste concello o día 27/09/2021, relativo a aprobación da lista bolsa de emprego funcionario aula CeMIT

Visto a providencia da alcaldía de data 05/03/2024 da necesidade e urxencia de cubrir un posto de Axente de tecnoloxía da Información e da Comunicación (TIC), para substituír ao funcionario que actualmente está de baixa por ILT , e co fin de poder dar cobertura a estas necesidades de xeito áxil rápido e eficaz, precísase levar a cabo o chamamento e nomeamento dun/dunha funcionario/a interino/a, a través da Bolsa de Emprego do Concello consituída con data LUNS, 19 DE ABRIL DE 2021 | BOP NÚMERO 71

Visto o informe da secretaría de este concello de data 05/03/2024 da necesidade da contratación.

Visto o informe de existencia de crédito de data 08/03/2024.

Vista a providencia da AEDL de data 09/04/2024 sobre os chamamentos dos que forman parte da bolsa de funcionarios interinos/as da aula CEMIT.

En uso das facultades outorgadas legalmente polo artigo 21.1. h) da Lei 7/1985 de 2 de abril de bases do réxime local

RESOLVO:

PRIMEIRO: Facer oferta de contratación a **D. Jesús Ribeira Arman** con publicación deste decreto no taboleiro de anuncios da sede electrónica, debendo manifestar o seu interese por escrito no prazo máximo improrrogable de dous días hábiles seguintes a publicación.

No caso de manifestar o seleccionado o seu interese, deberá presentar a seguinte documentación: O aspirante proposto, achegará no prazo máximo de 5 días naturais,

contados a partir de manifestar a súa aceptación ao chamamento, os documentos seguintes:

1.º.-Orixinal ou copia auténtica do título académico esixido na base 5.ª ou no seu defecto, o xustificante de ter aboado os dereitos para súa expedición e tamén orixinal ou copia auténtica Celga 4.

2.º.-No caso de ter declarado a súa posesión, orixinal ou copia auténtica certificación galega de competencias dixitais en ofimática regulada no Decreto 218/2011 da Xunta de Galicia expedida pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e do Celga 4 así como dos outros méritos alegados.

3.º.-Declaración xurada de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial. No suposto de ser nacional doutro Estado, declaración xurada ou promesa de non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente, nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no seu Estado, o acceso ó emprego público

4.º.-Declaración xurada de non atoparse incurso en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente e referido ao momento da súa toma de posesión. Tamén aportará certificado médico de que non padece enfermidade ou defecto físico nin psíquico que impida o desempeño das correspondentes funcións.

Nomeamento e toma de posesión. Realizado o chamamento e presentada a documentación polo interesado o Sr. alcalde efectuará o nomeamento, a favor do candidato proposto, como funcionario interino. O nomeamento deberá ser notificado ao interesado, o cal deberá tomar posesión dentro do prazo máximo de tres días hábiles, contado desde a data de notificación, tendo en conta que dito nomeamento realizarase con carácter de interinidade vinculado á circunstancia que deu lugar á súa selección.

SEGUNDO.- Notificar éste decreto ó interesado e e os servizos de persoal para alta na Seguridade Social e sinatura da acta de toma de posesión , publicándose o mesmo no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal aos efectos oportunos.

Arzúa, asinado dixitalmente na data e hora que figura ao marxe.

O Alcalde - Presidente

Dou fe, o secretario

Asdo.- Xoán Xesús Carril Ramos

Asdo.- Manuel Alfonso Alcalá Pérez